



MANUAL PARA SUBIR E COMPARTIR ALGO DESDE DRIVE

DENDE UN ORDENADOR

Para acceder o tedes que facer desde GMAIL ou Google. Desde Gmail, na parte superior e á dereita, antes xusto do círculo coa imaxe de perfil hai un cadro de puntos (fíxárase nas frechas de cor azul)



Clicades nese símbolo e desprégase unha fiestra como a seguinte:




Clicades no símbolo de Drive, abaixo á esquerda

Abre desesa maneira drive:

Para subir algo a Drive tendes que clicar en **Nuevo**. Desta maneira permítevos ir ás carpetas do ordenador. Escolledes o ficheiro e despois se lle da a compartir

A imaxe das carpetas é algo parecido a isto. Buscades en videos, imaxes, documentos, o que queirades subir e clicades nel dúas veces seguidas. Para compartir teredes unha imaxe en Drive parecida a esta:





Clicade enriba do documento a compartir, que se pondrá como resaltado e en cor como algo azul na parte de abaixo. Tendes que darlle ao botón dereito

do rato, ou no portátil no botón dereito da parte de abaixo de onde se move o dedo para mover o punteiro (frecha) debaixo do teclado.

Agora saírvos algo así:

Onde pon **añadir personas y grupos** podedes a **dirección de correo electrónico da persoa que queredes que o vexa**, que podedes por máis de un, separado por comas. Si tedes as direccións no gmail porque xa lle mandástedes algún correo, aparecerá o nome do destinatario en vez do correo pero é normal.



Podedes ademais enviar un comentario escribindo onde pon **mensaje**. Cando o teñades todo clicades en enviar (abaixo á dereita)




DESDE O MÓBIL


Para facelo co móbil. O proceso é como para enviar por email. Escollede na Galería o arquivo (foto, video) que queredes subir a drive. Clicades en compartir e unha das opcións que tedes é Guardar en Drive, que ten o simbolito en forma de triángulo. Clicades e vos sairá unha pantalla branca con **Guardar en Drive**, debaixo título del documento (sobre unha liña azul, coa opción do teclado debaixo para cambiarlle o nome) a opción de de escoller carpeta en drive. Debaixo de todo en cor azul tedes Cancelar e Guardar. Clicar en guardar.

Vémolo en imaxes:







Tedes que escribir o enderezo electrónico igual que no ordenador. Ao final pon un aviso de si queredes compartir despois de darlle na **pestana de enviar**. Mirade na imaxe de abaixo á esquerda. Pídevos confirmar que ides compartir ou cancelar, clicar en compartir e feito. O destinatario recibirá un correo cun enlace para ver o video ou a foto



Pestana enviar



Espero que sexa de utilidade.